

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de agosto de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día dous de agosto de dous mil catro e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde Sr. Figueroa Vila, por ausencia da, Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(990).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE. 13/30836/04 , 11/30731, 14/3120/04 E 14/19526/04.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Carmen A. Araujo Lozano. Expte. 13/30836/04.
- D^a. Carolina Dafonte Rodríguez. Expte. 11/30731.
- D^a Jesusa Núñez Rodríguez. Expte. 14/3120/04.
- D. Laureano Dorrío Fraguas. Expte. 14/19526/04.

2(991).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE INTERPRETES DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 10945/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.07.04 e de acordo co informem-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.06.04, conformado polo xefe de Sector de Acción

Social, o concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación de Xordos de Vigo, para poñer a disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar a disposición dunha cantidade de 7.662,90 (SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E DOUS CON NOVENTA) EUROS, con cargo á partida de Benestar Social 3130.227.06.02, como contribución municipal a este convenio.

3º.- Delegar a sinatura do convenio na persoa do Concelleiro – Delegado da Área de Asuntos Sociais, D. Ignacio J. López – Chaves Castro.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte Don Ignacio J. López – Chaves Castro, Concelleiro – Delegado da Área de Asuntos Sociais do Excmo. Concello de Vigo, nomeado por decreto de Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2004 e segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xaneiro de 2004.

E doutra D. Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, con DNI.:36.024.981-N, e domicilio en R/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo.

Ámbalas dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio,

EXPOÑEN

1.- A ordenanza para a mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do Concello de Vigo creou o Gabinete de Accesibilidade, como órgano encargado de garanti-lo cumprimento de dita ordenanza, propoñe-la introducción das melloras que en cada momento se estimen necesarias, declarar en determinados casos a imposibilidade da observancia dalgún dos criterios básicos previstos na mesma e, en xeral, cantas outras incidan directa ou indirectamente na materia obxecto de regulación municipal.

O obxecto desta ordenanza é iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha minusvalía, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

2.- Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promove-la supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Asimesmo no Capítulo IV do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei de accesibilidade (RD/35/2000), no seu art. 54 faise referencia ós criterios de

accesibilidade na comunicación que se establecen e que aparecen citados na base 7 do código de accesibilidade (anexo I do citado regulamento).

As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos - cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

3.- Que os Concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei Galega de Servicios Sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servicios sociais.

4.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade en canto á calidade de vida das persoas xordas con respecto ó resto dos cidadáns vigueses.

5.- Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Condicións básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua de signos.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é ofrecer a tódolos discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra todos aqueles servicios tales como reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos, éstos últimos que sexan organizados polo Concello de Vigo e a Asociación de xordos.

Terceira: Funcións - A Asociación de Xordos de Vigo será a encargada de contrata-los servicios do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planifica-lo traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Condicións - Os servicios a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de "chamada previa", é dicir, aquelas persoas que necesiten os servicios do intérprete, deberán chamar con antelación á Asociación de Xordos de Vigo comunicando os datos personais, data, lugar e materia para a que se require o servico. Deberá terse en conta que non tódalas demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto o horario se refire, xa que a unha hora determinada pode encontrarse o intérprete realizando outro servico.

Cando se trate de conferencias, ponencias ou similares, a organización do evento, respetará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorece-la recepción e a calidade da mensaxe, e ademáis facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Xordos como mellor convenga para os intereses das persoas que requiran o servizo.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante-la confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

O servizo será totalmente gratuito.

Quinta: Destinatarios - Serán destinatarios dos servizos do profesional intérprete de lingua de signos tódalas persoas xordas e oíntes veciños de Vigo que o precisen.

Sexta: Custo - O custo da execución total do convenio será de 7.662,90(SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E DOUS CON NOVENTA).- EUROS con cargo á partida 3130.227.06.02 de Benestar Social.

Sétima: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación de Xordos de Vigo:

** Miguel Ángel González Lloves
Presidente da Asociación de Xordos*

** M^a Carmen González Lloves
Técnica da Asociación de Xordos*

- Polo Concello de Vigo:

** Ignacio J. López – Chaves Castro
Concelleiro - Delegado da Área de Asuntos Sociais*

** María Sierra Abraín
Técnica do departamento de Benestar Social*

Oitava: Difusión do proxecto - A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do concello de Vigo.

Novena: Obrigas da Asociación de Xordos de Vigo - Polo presente convenio, a Asociación de Xordos comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.

b - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc, motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

c - Facilita-la inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

d.- Presentar ó Concello informes de desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.

e.- Atenerse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.

f.- Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Consellería de Benestar Social.

Décima: Outras obrigas do Concello de Vigo - O Concello de Vigo obrígase ademais a:

a - Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b - Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (trinta mil seiscientos cincuenta e un con sesenta e dous euros) importe total para os dous anos de vixencia do convenio.

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Undécima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Duodécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación de Xordos de Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo terceira - O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 7.662,90 (SETE MIL SEISCENTOS SESENTS E DOUS CON NOVENTA).- EUROS, do xeito que se indica na cláusula sexta do presente convenio.

Décimo cuarta - O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia no apartado anterior, non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo quinta - O pago deste convenio farase da seguinte maneira:

O 50% do importe total (3.831,45 EUROS) á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo da actividade. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, que tales actividades se ten iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, (3.831,45 EUROS) á finalización do convenio, sempre que se tiña xustificado o total do gasto e unha vez sexa xustificada a totalidade do gasto polo funcionario referido e certificado o cumprimento do convenio pola Unidade Administrativa correspondente, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo e informe favorable da Comisión de Seguimento.

Décimo sexta - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado de da-lo visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sétima - O presente convenio entrará en vigor na data da súa asinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2004.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en

Vigo, de de 2004.”

3(992).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES DE INTERESE SOCIAL PARA O ANO 2004. 10951/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 14.07.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder as subvencións as asociacións de interes sociais que se relacionan de seguido, de conformidade coas bases da convocatoria de subvencións as asociacións de interés social para o ano 2004, aprobada por acordo da XGL da data 23-02-2004 polos conceptos e cantidades que se indican, co cargo a partida 4890000, asignación respuestaria A 6436 polo importe total de 66.000 €.

Organización	Nif	Propuesta 2004	Concepto
A.E.C.C.	G28197564	5000	Mantenimiento
A.I.D.A	G36818649	3000	Mantenimiento
AFIBROPO	G36846822	900	Mantenimiento
AGAJA	G36730059	1000	Mantenimiento
ALENT0	G36873511	900	Mantenimiento

APAMP	G36624120	3200	Mantenimiento
ARVI	G36730521	850	Mantenimiento
ASEM	G36925691	1900	Mantenimiento
ASPANAEX	G36605905	2000	Mantenimiento
ASPAVI	G36870558	900	Mantenimiento
Organización	Nif	Propuesta 2004	Concepto
ASVIDAL	G36627453	2000	Mantenimiento
AVIDEPO	G36821171	800	Mantenimiento
CIDADÁN PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA	G36844694	1100	Mantenimiento
COGAMI	G32115941	1100	Actividades (transporte adaptado)
DIABÉTICOS	G36822286	900	Mantenimiento
DOA	G36044295	2300	Mantenimiento
ERGUETE	G36642726	2300	Mantenimiento
FAMFIP	G36704195	900	Mantenimiento
FASE DE ENCUENTRO	G15438955	2600	Mantenimiento
FUNDACIÓN QUINESIA	G136814309	800	Mantenimiento
MADRO	G36750651	3075	Mantenimiento
NOVAS RUTAS	G36854867	1800	Mantenimiento
PROXECTO HOME	G15258213	2200	Mantenimiento
SAN FRANCISCO	G36613891	2700	Mantenimiento
SORDOS	G36622835	1800	Actividades
HOGAR Y CLINICA DE SAN RAFAEL	Q3600336F	2500	Actividades
ASADIR	G36887552	800	actividades
AUTISMO	G36849883	775	Activiades
PLATAFORMA DE MADRES EN ACCIÓN	G36697969	1000	Mantenimiento
FUNDAI	G36801991	Denegar	Incumplimentosda base 5º
NAUTICA SODIM	G36796142	Denegar	Fora de prazo
Sociedad Desarrollo Ideas y Técnicas Minusv Físicos	G36633022	Denegar	Incumplimento base 6ª
Solidaridade Galega co Pobo Saharai	G15924558	Denegar	Concesión por otro concepto
La sal de la Tierra	G3542362	Denegar	Incumplimento base 10ª
Sociedad Cultural Deportiva y Recreativa Helios	G36633428	Denegar	Incumplimento base 6ª
A.V.C.U.-C.S.C.R. De Beade	G36632081	Denegar	Incumplimento base 5ª
A.V.D.D. "Monte da Mina" de Castrelos	G36623593	Denegar	Incumplimento base 5ª
HOY POR MAÑANA	G36806917	Denegar	Concesión por otro concepto
GALEGA DE AXUDA Ó		Denegar	Incumplimento base 5ª

SAHARA			
AS. Veciñal Doutor Fleming	G367009004	Denegar	Incumplimento base 5ª
Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	Denegar	Incumplimento base 5ª
AS. De Viudas "Meu Lar"	G36621456	Denegar	Incumplimento base 5ª
As. De Antiguos alumnos/as Don Bosco "María Auxiliadora"	G36636531	Denegar	Incumplimento bases 5ª / 6º

4(993).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAL MAIORES: ALTA EXPTE. 15/52549/04.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social e de acordo co informe proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 22.07.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D. Enrique Braña Rey.

5(994).- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O REGULAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS. EXPTE. 6163/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Servizo de Educación do 15.07.04 de acordo co informe do xefe da Área de Réxime Interior, do 26.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Adherirse ó Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e provincias para regular a distribución dos gastos de funcionamento dos Centros públicos integrados, nos termos do convenio asinado o 5 de xullo de 2004 polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e o Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias cun período de vixencia comprendido entre o 1-1-2004 e o 31-12-2007, improrrogable.

Segundo.- Aprobar o convenio específico de adhesión ó convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias para regula-la distribución dos gastos de funcionamento do Centro Público integrado Celso Emilio Ferreiro, do Concello de Vigo, conforme o texto que se transcribe e que será asinado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, aceptándose íntegramente do texto que figura na parte dispositiva das cláusulas primeira a sétima. Previamente a aprobación dos respectivos Convenios marco e específico deberá emitirse informe e fiscalizarse o expediente relativo ó convenio marco e específico pola Intervención Xeral do Concello.

CONVENIO ESPECÍFICO DE ADHESIÓN Ó CONVENIO-MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA EA FEDERACIÓN GALEGA DE

MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA REGULAR A DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO CELSO EMILIO FERREIRO. DO CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA).

En Santiago de Compostela a sete de xullo de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente (DOG do 21 de marzo), e de conformidade coa Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril).

Doutra, a Excmo. Sra. Dona María Corina Porro Martínez, alcaldesa do Concello de Vigo (Pontevedra). Ámbalas dúas partes interveñen en nome das institucións que representan, no exercicio das facultades que ostentan polos seus cargos e recoñécense mutuamente a capacidade legal para o outorgamento e sinatura do presente convenio e

EXPOÑEN:

Que de conformidade co establecido nas cláusulas primeira e sexta do Convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) para regular a distribución dos gastos de funcionamento dos centros públicos integrados, este convenio de adhesión ten por obxecto a individualización e pormenorización das obrigas económicas da administración educativa e da corporación local nos gastos de mantemento e funcionamento do centro público integrado existente no concello, determinando os prazos e mailo organismo xestor dos recursos utilizados.

O presente convenio de adhesión asínase de conformidade co procedemento establecido no artigo 41.a) da Lei 8/2003, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004 (DOG do 29), sobre convenios entre a comunidade autónoma e entes públicos nos que non sexa posible promover a concorrencia pública pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención.

Para acadar este fin, conscientes ámbalas dúas administracións da importancia de coordinar a súa actuación e procurar a optimización dos recursos, acordan as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- O Concello de Vigo adhirese ó convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a FEGAMP para regular a distribución dos gastos de funcionamento do centro público integrado Celso Emilio Ferreiro no período correspondente ós exercicios económicos 2004, 2005, 2006 e 2007.

Segunda.- Sendo a administración local a encargada de xestionar, dirixir e planificar os servizos de funcionamento e mantemento ordinario das instalacións do centro, transferirase á mesma, con cargo á aplicación orzamentaria

07.03.322T.460.0 dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 2004, un total de 36.984,00 euros.

Para os exercicios 2005, 2006 e 2007, os importes serán os que resulten de aplicarlle o Índice de Prezos ó Consumo (IPC) en Galicia ó importe do ano inmediatamente anterior e aboaranse con cargo á mesma aplicación orzamentaria para cada unha das anualidades.

Os gastos de funcionamento e mantemento ordinario das instalacións do centro que excedan do importe establecido neste convenio para cada anualidade serán asumidos polo Concello de Vigo .

Terceira.- O pagamento realizarase de acordo co establecido no artigo 16.1 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro) .

A contía deberá xustificarse, indistintamente, nos conceptos que figuran no anexo-xustificación, certificando o órgano que teña atribuídas as facultades de control cumprimento da finalidade para a que foi concedida e a aplicación -dos fondos destinados a tal efecto, de conformidade co artigo 15.2 c) do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta.- O presente convenio de adhesión terá vixencia desde 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2007 e non poderá ser prorrogado.

A denuncia deste convenio, por calquera das partes, deberá realizarse de forma fidedigna mediante comunicación escrita á comisión de seguimento establecida na cláusula quinta do convenio marco.

Quinta.- A comisión de seguimento establecida na cláusula quinta do convenio-marco realizará a coordinación, seguimento e interpretación do convenio.

Sexta.- O anexo-xustificación forma parte deste convenio.

Sétima.- Dada a natureza administrativa deste documento as cuestións xudiciais que puidesen xurdir na súa aplicación serán resoltas na xurisdicción contencioso -administrativa.

En proba de conformidade, asinan este convenio de adhesión ó convenio-marco, por triplicado exemplar ea un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

6(995).- LIQUIDACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “MELLORA DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE BEADE DENDE A CONDUCCIÓN DE SUBMINISTRACIÓN AO PARQUE TECNOLÓXICO”. EXPTE. 37017/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 26.07.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 12 de xullo de 2004, foi remitido a este servizo expediente relativo á recepción das obras do proxecto “ Mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a conducción de subministración ao Parque Tecnolóxico”, dándose conta así mesmo do resultado da liquidación, unha vez realizada a medición xeral do referido proxecto.

En relación coa proposta formulada polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, emítase o seguinte informe:

- 1º O Pleno deste Concello, na sesión de data 31 de marzo de 2003, acordou encargar á UTE AQUALIA FCC VIGO-UTE a realización das obras do proxecto que nos ocupa, cun orzamento de contrata de 769.004,64€ (IVE excluído).
- 2º A entidade concesionaria, en cumprimento do establecido no artigo 163 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Real Decreto 1098/2001) comunicou a esta administración municipal, con data 16 de xullo de 2004 o remate das obras do proxecto, remitindo así mesmo o informe final de obra, subscrito pola dirección facultativa.
- 3º O día 29 de xuño de 2004, ao amparo do establecido no artigo 164 do mencionado Real Decreto, subscríbese a acta de recepción, con participación da dirección de obra, representante do contratista, e facultativo designado por esta administración. Da lectura da acta de recepción non se deduce ningún reparo ou obxección ás obras executadas destacándose que as mesmas se realizaron en consonancia co proxecto aprobado, que se atopan en bo estado e que, en definitiva, poden ser entregadas ao uso público.
- 4º No respectivo expediente administrativo inclúese o informe final de obra, emitido polo director facultativo e o resultado do control de calidade efectuado, durante a fase de construción, sinalándose que de acordo cos ditos ensaios as tuberías, os recheos de gabias e a reposición de pavimento cumpren cos parámetros de calidade esixibles.
- 5º Como resultado da medición xeral da obra o importe total das efectivamente executadas ascende a 826.440,79€, o que supón un incremento do 7,47% con respecto o orzamento inicial, susceptible de ser recoñecido o non exceder o tope máximo (10% do prezo primitivo do contrato) previsto no artigo 160 do repetido Real Decreto.

De conformidade co anteriormente exposto, tendo en conta os informes favorables emitidos pola dirección facultativa e a xefatura dos servizos de Vías e Obras, proponse a esa Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

- 1º Aprobar e recoñecer a liquidación do proxecto “Mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a condución de subministración ao Parque Tecnolóxico” por un importe adicional líquido de 57.436,15€ (IVE excluído).
- 2º A liquidación mencionada no parágrafo anterior adicionarase ós compromisos asumidos pola UTE AQUALIA FCC (9.199.283,18€), explicitados no acordo da Xunta de Goberno Local de 26/4/2004 e serán recuperados mediante detracción do canon dispoñible a partir do 1 de xaneiro de 2005, non podendo superar a referida minoración a cantidade máxima de 0,053850€/m³.
- 3º Do presente acordo darase conta á xefatura de sección de Patrimonio co fin de que as ditas instalacións se adscriban o servizo público e teñan o seu reflexo no inventario de bens desta Corporación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

7(996).- LIQUIDACIÓN DE HONORARIOS EN CONCEPTO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA DO “PROXECTO MODIFICADO DO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA AO CONCELLO DE VIGO, CONEXIÓN O CASAL-VALLADARES E PECHE PERIMETRAL”. EXPTE. 41179/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 26.07.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 16 de xullo de 2004 foi remitido a esta xefatura escrito do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras comunicando a liquidación de honorarios en concepto de redacción e dirección de obra do proxecto modificado do peche perimetral.

En relación coa información facilitada por la xefatura de Vías e Obras o funcionario que subscribe informa o seguinte:

1º *A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 26 de abril de 2004 acordou prestar a súa aprobación ó “Proxecto modificado do de subministración de auga o Concello de Vigo, conexión o Casal-Valladares e Peche Perimetral”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Patricio Aguilar Cabanillas e cun orzamento de contrata de 8.214.928,39€ (IVE excluído).*

2º *É de significar que con anterioridade á decisión a que se alude no parágrafo precedente o Pleno da Corporación, en sesión de fecha 31 de marzo de 2003, con ocasión da aprobación do proxecto orixinal, motivo do presente informe, no seu dispositivo cuarto establecía “A introducción de modificacións no proxecto inicialmente aprobado, así como a inclusión de obras complementarias, no seu caso, deberán ser autorizadas polo Pleno da Corporación, órgano a que lle corresponderá a aprobación dos proxectos técnicos que deban redactarse”.*

Malia o anterior é o certo que a partir da entrada en vigor da Lei 57/2003 “De medidas para a modernización do Goberno Local” é órgano competente para a adxudicación do aludido proxecto modificado a Xunta de Goberno Local e todo isto ó amparo do establecido no apartado letra f) do número 1 do artigo 127 da dita disposición legal.

3º *No respectivo expediente administrativo figura un informe técnico do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras no que, tras valorar a orixe dos honorarios de redacción do proxecto e de dirección de obra do proxecto modificado dedúcese unha diferenza a favor da UTE AQUALIA FCC por importe de 53.544€ (IVE excluído).*

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura propón a esa Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º *Prestar aprobación a liquidación de honorarios en concepto de redacción do proxecto e dirección de obra do “proxecto modificado do de subministración de auga o Concello de Vigo, conexión o Casal-Valladares e Peche Perimetral” polo importe de 53.544€ (IVE excluído).*

2º *A liquidación mencionada no parágrafo anterior adicionarase ós compromisos asumidos pola UTE AQUALIA FCC (9.199.283,18€), explicitados no acordo da Xunta de Goberno Local de 26/4/2004 e serán*

recuperados mediante detracción do canon dispoñible a partir do 1 de xaneiro de 2005, non podendo superar a referida minoración a cantidade máxima de 0,053850€/m³.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(997).- SOLICITUDE DO CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALADARES PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO POLBO, DO SOCIO E DO VECIÑO E O REVOLTALLO DE MÚSICA EMERXENTE. EXPTE. 69881/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR ó CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALADARES, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración dos eventos que se indican a continuación, no Parque Forestal do Monte dos Pozos, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

FESTAS	DIAS
Festa do Polbo, Festa do Socio, Festa do Veciño	8 de agosto
Revoltallo de Música Emerxente	10,11,12,13,14 e 15 de agosto

Deberán presentar con anterioridade á celebración da festa unha Póliza de Responsabilidade Civil complementaria que cubra danos ó patrimonio municipal por valor de 3000 €

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

9(998).- SUBVENCIÓN PARA O ALUGAMENTO DO LOCAL DA “ASOCIACIÓN MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES (MADRO)”. EXPTE. 2189/320.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, de 5.07.04, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Con relación ó documento (nº 40062569) de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo a, 16 de xuño de 2004, polo que a “Asociación de madres en defensa de los jóvenes drogodependientes (MADRO)”, solicita unha subvención para o pago do alugamento do local social desa entidade, expónse o seguinte:

1º.- A orde de data 05 de xullo de 2004 da Concellaría de Participación Cidadá, iniciouse o expediente para o outorgamento dunha axuda económica para renovar a subvención para o local social da “Asociación madres en defensa de los jóvenes drogodependientes (MADRO)”

2º.- O Concello de Vigo a través da Concellaría de Participación Cidadá e dentro das medidas de fomento do asociacionismo, e como complemento da súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a tódalas asociacións veciñais do término municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida socio-cultural, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiando o alugamento vía subvención, ou ben directamente mediante transferencia de capital naqueles supostos nos que sexa imposible acadar outro xeito de levar a cabo esta prestación.

3º.- Deste xeito, e por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de xuño de 2004, concedeuse á “Asociación de madres en defensa de los jóvenes drogodependientes (MADRO)”, unha subvención con destino ó pagamento do alugamento do local social, en José Mato, 24 – Entrechán, renovándose o outorgamento de subvención, os anos seguintes por acordo das Comisións de Goberno de datas: 07/08/00, 26/03/01, 25/02/02 e 21/04/03.

4º.- A devandita asociación atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociación co número 273/93, coa súa documentación actualizada, e igualmente segundo certificación da Tesourería municipal de data 17 de xuño de 2004, que se achega ó expediente, non ten débedas pendentes con este Concello.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na lexislación vixente, Regulamento de Facendas locais e normativa complementaria, proponse á Xunta do Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder á “Asociación Madres en defensa de los jóvenes drogodependientes (MADRO), CIF: G-36750651, unha subvención pola contía de 1.983,34 euros, pagadoira por mensualidades vencidas de 165,28 euros, para financia-lo custo do alugueiro do local social da citada asociación para o ano 2003, con cargo á partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

10(999).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXIANCIA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO VERBUM –CASA DAS PALABRAS- ADXUDICADO A SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 8350/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 16.07.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de vixiancia e mantemento das instalacións do Verbum, Casa das Palabras, adxudicado a empresa Securitas, Seguridad España, S.A., Securitas tratamiento integral de valores, S.A., y Servicios Securitas, S.A., por aplicación do incremento do IPC da anualidade anterior do contrato, fixando os mesmos nos seguintes importes:

- Hora vixiante seguridade diurna: 14,18 euros.
- Hora vixiante seguridade nocturna: 15,52 euros.
- Hora vixiante seguridade festiva diurna: 15,27 euros.
- Hora vixiante seguridade festiva nocturna: 16,53 euros.
- Hora de auxiliar de servizos diurna: 9,69 euros.
- Hora de auxiliar de servizos nocturna: 9,69 euros.
- Prezo de servizo de traslado de fondos: 4.751,80 euros/ano.
- Prezo do servizo de subministración de billetes: 1.988,52 euros/ano.
- Prezo de servizo de mantemento dos servizos de sistema de seguridade: 5.644,31 euros/ano.

11(1000).- CONTRATO DE ARRENDAMENTO COA SOCIEDADE MERFLO S.L. DO LOCAL DA SÚA PROPIEDAD SITO NA PRAZA DE COMPOSTELA Nº 22. EXPTE. 17008/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 16.07.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 29 de maio de 1998, acordou contratar o arrendamento do local situado ná Praza de Compostela nº 22, entrecán esquerda, por un prazo de cinco anos, consonte o previsto ná Lei de Arrendamentos Urbanos, 29/1994 de 24 de novembro, dito contrato foi prorrogado por outra anualidade, producíndose o vencemento do mesmo o vindeiro 16 de xullo de 2004.

O contrato de arrendamento do baixo citado anteriormente, veno ocupando a Fundación Provigo, e segundo escrito de data 31 de xuño de 2004, remitido pola Alcaldía Municipal, a este Concello interesalle continuar có arrendamento do mesmo.

Postos en contacto cúa propietaria do inmovible, ésta manifesta a súa intención de proceder a unha nova contratación do inmovible, coa condición de que o prezo que actualmente percibe en concepto de renda de aluguer- 1.185,20 euros/mes-, sexa incrementando ná cuantía de 150 euros, pasando a ser a renda de 1.335,20 euros mes, ive engadido.

Solicitado informe a Intervención Xeral, sobre a consignación presupuestaria, esta informa dito gasto favorablemente.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O

Contratar polo prazo dun ano o contrato de arrendamento, cúa sociedade Merflo, S.L., propietaria de dito inmovible, conforme o cláusulado que a continuación se transcribe:

Ná Casa do Concello de Vigo, a de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, D^o Corina Porro Martinez, Alcaldesa- Presidente do Excmo. Concello de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra Mercedes Gomez Fernandez, con D.N.I. 35.931.963, en nome e representación da entidade Merplo, S.L, propietaria do edificio nº 22 da Praza de Compostela desta cidade, segundo escritura outorgada perante o Notario D. Mariano Vaqueiro Rumbao, o día 4 de febreiro de 1998, co nº 189 do seu protocolo, e subsanada por posterior otorgada ante o mesmo Notario o 30 de marzo de 1998 baixo o nº 663 do seu protocolo. .

Ambalas duas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente para a formalización do presente contrato de arrendamento.

Autoriza este contrato D. Manuel Lorenzo Penela titular do organo de apoio da Xunta de Goberno Local.

CLAUSULAS

Primeira.- Que a entidade Merflo é o Concello de Vigo acordan, suscribir, por o prazo de un ano, a contar dende o 16 de xulio de 2004, e ata o 16 de xulio de 2005, un contrato de arrendamento do local sito no entrechán izquiera do edificio nº 22 da Praza de Compostela.

Segunda.- A renda do aluguer será de 1.335,20 euros mensuales, ive engadido, pagadeira por mensualidades anticipadas.

Tamén seá de conta do Concello os gastos de Comunidade do edificio.

Terceira.- O local obxecto de aluguer será destinado a actividades culturais que non incluían música, sempre que ademais non sean molestas, insalubres ou peligrosas. Non obstante se autoriza o Concello de Vigo, para que puida ceder o uso do mencionado local á Fundación Provigo, durante a vixencia deste contrato, rematando automaticamente a cesión o termo do presente contrato. Se antes de remata-la vixencia do contrato a Fundación Provigo deixase de utilizar este local, recuperará o uso do local o Concello de Vigo polo resto do prazo que quedase pendente ata a finalización de dito prazo contractual.

Cuarta.- Serán de cargo do arrendatario os gastos de consumo de luz, auga e calquer outro que requira o seu funcionamento, así como a taxa de recollida de lixo.

Quinta.- Todas as obras a realizar no local quedarán en beneficio da propiedade sen indemnización por parte da mesma.

Sexta.- O arrendatario declara recibir-lo local en perfecto estado de conservación, obrigándose a devolvelo en iguais condicións.

E para que así conste, asíñase de conformidade por ámbalas dúas partes o presente documento, en tres exemplares, no lugar e data ó principio mencionados.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1001).- RECLAMACIÓN DE D^a CONCEPCIÓN PÉREZ ALONSO DE DANOS POR ROTURA DOS SEUS ANTEOLLOS. DESESTIMADA. EXPTE. 16424/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposto do xefe da Unidade de Patrimonio, do 21.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a. Concepción Pérez Alonso por danos producidos nos seus anteollos a consecuencia dunha caída sufrida na rúa Manuel Lago pola presenza de gravilla do recente asfaltado para reparación da beirarrúa polo Concello; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia de data 5.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 9.07.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona CONCEPCIÓN PÉREZ ALONSO por non resultar probada a efectividade do accidente e a orixe dos danos, nin a relación directa da causa-efecto entre o dano e o funcionamento anormal ou defectuoso do servizo municipal.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Concello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

13(1002).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE EMERXENCIA NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 12.07.04 acordou “declarar de emerxencia as obras a realizar no Estadio municipal de fútbol de Balaídos incluídas no resumo de actuacións de emerxencia subscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, que importan a cantidade de 1.359.258,77 euros, e a súa contratación pola vía de emerxencia de acordo co que se establece no artigo 72 e concordantes do R.D.L. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.”

En sesión plenaria do 26.07.04 deuse conta do devandito acordo á Corporación municipal.

Con data 30.07.04, o director deportivo do IMD, o arquitecto municipal e o aparellador municipal, emiten o seguinte informe-proposta:

A Xunta de Goberno Local adoptou o Acordo de proceder á contratación, pola vía de emerxencia, das obras que figuran no resumo, coma actuacións de emerxencia, asinado polo arquitecto don Alberto Cameselle Lago. En cumprimento deste Acordo, procédese á redacción do seguinte informe-proposta:

Co obxecto de coñecer o estado da estrutura e elementos anexos do Estadio Municipal de Balaídos, encargouse unha auditoría da situación da dita instalación á empresa GOC. Neste estudio figuran unha serie de actuacións, denominadas urxentes, e que son precisas para garantir a seguridade das persoas. Como consecuencia da devandita auditoría, na proposta de orzamento para o exercicio de 2004, figuraba a cantidade de 1.500.000 €. Como é coñecido, ao non producirse acordo sobre o orzamento, tívose que proceder á prórroga orzamentaria correspondente.

Co fin de coñecer a cantidade do investimento, encargouse un anteproxecto para a reparación do Estadio de Balaídos. Anexo ao dito anteproxecto, figura un resumo de actuacións de emerxencia coa súa medición e orzamento. Este documento está subscrito polo arquitecto don Alberto Cameselle Lago. As obras importan a cantidade 1.359.258,77 €.

Dende que se realizou a auditoría e en reiteradas ocasións os técnicos don Alberto Abia Alonso, don Vicente Romo Pérez, e don Miguel A. Carrera Mouriño advertiron que as actuacións urxentes son prioritarias e que poden afectar á seguridade do Estadio. Nun informe de data 21/06/2004, os técnicos anteriormente citados manteñen a necesidade de realizar as obras de inmediato; de non ser así, deberase proceder a adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade no Estadio Municipal así coma nos seus arredores. Por outra banda, tamén se advirte sobre a necesidade de informar das deficiencias da instalación ao usuario do mesmo, é dicir, ao R.C. Celta de Vigo, SAD.

En atención ás circunstancias do caso e polo perigo que comporta a situación actual do Estadio, xa que pode afectar a un grande número de persoas, tanto aos usuarios da instalación coma ós transeúntes, é polo que a Xunta de Goberno Local acordou a contratación pola vía de emerxencia.

Co obxecto de seleccionar a empresa máis axeitada solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- Feiju Galicia.*
- Construcciones Conde.*
- Oreco.*
- Corsam-Corviam.*

Vistas as ofertas, a empresa máis axeitada para os intereses municipais é ORECO, por ter presentado a oferta máis baixa e por estar demostrada a súa experiencia na realización de obras deste tipo, concretamente na última actuación de emerxencia que se desenvolveu no Estadio Municipal así coma actuacións sobre a estrutura das bancadas.

Asemade, esta empresa cumpre os requirimentos para contratar coa administración. Por outra banda, cómpre dicir que as obras foron declaradas de emerxencia pola Xunta de Goberno Local en base aos informes técnicos requiridos. Por outra banda, a Xunta de Goberno Local acordou que se contrataran as obras polo procedemento de emerxencia e en cumprimento deste Acordo, é polo que se fai esta proposta.

Dado que se pretende a contratación pola vía de emerxencia, esta non está suxeita ós requirimentos normais. Todo elo, ao abeiro do establecido no artigo 62 e concordantes no RDL 2/2000 de Contratos das Administracións Públicas.

O expediente deberá ter a oportuna retención de créditos ou documentación que xustifique a iniciación do expediente de modificación de créditos, todo isto, consonte co disposto no artigo 72 do RDL 2/2000.

Polo tanto, cómpre que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- 1) Aprobar a memoria das obras de emerxencia, presentada polo arquitecto Alberto Cameselle Lago.*
- 2) Nomear ao dito arquitecto coma director das obras.*
- 3) Adxudicar a actuación a desenvolver no Estadio Municipal de Balaídos á empresa Oreco, S.A., por un importe de 1.356.000, 00 €. As obras serán executadas consonte co proxecto que se achega e que está asinado polo arquitecto don Alberto Cameselle, sendo o prazo de execución de tres meses.*
- 4) Dar conta do presente Acordo ao Pleno da Corporación.*
- 5) Trasladar esta proposta á Intervención Xeral para unir ao expediente a oportuna retención de crédito ou documentación xustificativa da iniciación do expediente de modificación de crédito.*

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a memoria das obras de emerxencia, presentada polo arquitecto Alberto Cameselle Lago.

2º.- Nomear ao dito arquitecto coma director das obras.

3º.- Adxudicar a actuación a desenvolver no Estadio Municipal de Balaídos á empresa Oreco, S.A., por un importe de 1.356.000, 00 €. As obras serán executadas consonte co proxecto que se achega e que está asinado polo arquitecto don Alberto Cameselle, sendo o prazo de execución de tres meses.

4º.- Dar conta do presente Acordo ao Pleno da Corporación.

5º.- Trasladar esta proposta á Intervención Xeral para unir ao expediente a oportuna retención de crédito ou documentación xustificativa da iniciación do expediente de modificación de crédito.

14(1003).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE O 2º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15163/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2004, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jaime Alvarez Pérez e remata por don Cándido Souto Benitez e que ascenden a un total de 1.410'66 € (MIL CATROCENTOS DEZ EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

15(1004).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15164/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados como palista no Parque Móvil, segundo relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Javier Crespo Casal e que ascenden a un total de 90'20 € (NOVENTA EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondente o mes de XUÑO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

16(1005).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15165/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XUÑO-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

17(1006).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15166/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO-2004, e que ascenden a un total de 1.102'08 € (MIL CENTO DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

18(1007).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCIR UN VEHÍCULO OFICIAL CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15167/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselles por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 220'32 € (DOUSCENTOS VINTE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

19(1008).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15168/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de XUÑO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

20(1009).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE FEBREIRO-XUÑO 2004 (INCLUE HORAS DE SETEMBRO, DECEMBRO E XANEIRO). EXPTE. 15171/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 23.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de FEBREIRO E XUÑO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servizo de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 814'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 300'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comeza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Manuel Villar Miguelez, por un total de 3.336'75 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega e que comeza por don Francisco Javier Agulla Amorin e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 592'00 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan de dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 9'30 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 154'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 70'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comeza por don Eugenio Matilde Viñas e remata por don Benito Barciela Simón, por un total de 201'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 99'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comezan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 96'00 horas.
- Relacións Públicas, relacións que se achegan e que comezan por dona Loreto Romero Gil Delgado e rematan por don Jesús Castro Naveiras, por un total de 88'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 41.164'49 €.

21(1010).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15172/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios](#) e rematan [por don Jesús Castro Naveiras de Relacións Públicas](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 64.857'08 € (SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XUÑO de 2004.

22(1011).- XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DE D. ALFREDO GARCÍA AREÁN CON EFECTOS DO 28 DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15154/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

De conformidade coa Disposición Transitoria Novena da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da lei da función pública, procede informar favorablemente a xubilación forzosa por idade ao oficial de oficios, D. Alfredo García Areán (nº Personal 9828/DNI 35197164-B), adscrito ao Departamento de Educación, con efectos a partir do día 28 de xuño del 2004, data na que conta con 65 anos, idade fixada como tope para a súa xubilación forzosa.

23(1012).- PROLONGACIÓN DA SITUACIÓN EN SERVICIO ACTIVO DE D. JOSÉ LUIS SENDRA ORTEGA. EXPTE. 15173/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, do 13.07.04, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-ACCEDER ao solicitado por D. José Luis Sendra Ortega, con nº de produtor 3694 e DNI nº 35879824-P, con destino no Dpto. de Cultura-Centro Cultural Coruxo, coa categoría profesional de Músico, e en consecuencia declarar prolongación da súa situación en servizo activo a partires do día 05 de xullo de 2004, en que cumpre 65 anos de idade e sen que dita situación poda exceder do día 5 de xullo de 2009.

2º.-ADVERTIR ó interesado que contra a presente resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a dictou no prazo de un mes, que se entenderà desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, ou ante o Xulgado do Contencioso nos supostos previstos no artº 8 da Lei 29/98, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.

Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En tódolos casos, os prazos contaránse a partires do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o Recurso de Reposición se entendese desestimado.

24(1013).- XUBILACIÓN VOLUNTARIA DE D. JOSÉ RAMÓN ARAUJO RAMIL CON EFECOTS DO 30 DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15174/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, do 13.07.04, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

De conformidade co art. 7.Apto. 4 do Real Decreto 480/93 de 2 de abril, polo que se integrou no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime Especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración Local e do art. 3 do Real Decreto-lei 16/2001, de 27 de decembro, procede informar favorablemente a xubilación voluntaria ao alguacil, D. José Ramón Araujo Ramil, provisto do DNI nº 35929943-X e nº 12919 do persoal, adscrito ao Departamento de Conserxería, con efectos dende o día 30 de xuño do ano 2004.

25(1014).- XUBILACIÓN FORZOSA DE D. JOSÉ AMOEDO GARCÍA CON EFECTOS DO 22 DE AGOSTO DE 2004. EXPTE. 15185/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

De conformidade coa disposición transitoria novena da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da lei da función pública, procede informar favorablemente a xubilación forzosa por idade, ao oficial conductor, D. José Amoedo García (Nº Personal/DNI 35204003-L), adscrito á Xerencia do Parque Central, con efectos a partires do día 22 de Agosto de 2004, data na que contará con 65 anos, idade fixada como tope para a súa xubilación forzosa.

26(1015).- XUBILACIÓN FORZOSA DE D. JOSÉ ANTONIO MONTENEGRO PUEYO CON EFECTOS DO 14 DE SETEMBRO DE 2004. EXPTE. 15186/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, do 7.07.04, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

De conformidade coa disposición transitoria novena da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da lei da función pública, procede informar favorablemente a xubilación forzosa por idade, ó técnico superior de Admòn. Local, D. José Antonio Montenegro Pueyo, adscrito ó Departamento de

Asesoría Xurídica, con efectos a partires do día 14 de setembro de 2004, data na que contará con 65 anos, idade fixada como tope para a súa xubilación forzosa.

27(1016).- XUBILACIÓN FORZOSA DE D. ABELARDO PARDO RODRÍGUEZ CON EFECTOS DO 28 DE AGOSTO DE 2004. EXPTE. 15187/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social, conformado polo técnico de Organización da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

De conformidade coa disposición transitoria novena da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da lei da función pública, procede informar favorablemente a xubilación forzosa por idade, ao técnico superior de Admón. Local, D. Abelardo Pardo Rodríguez (Nº Personal 30395/DNI 35894305-E), adscrito ó Departamento de Seguridade, con efectos a partires do día 28 de agosto de 2004, data na que contará con 65 anos, idade fixada como tope para a súa xubilación forzosa.

28(1017).- ABONO RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS A GARDAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL EN PRÁCTICAS. EXPTE. 15189/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 28.07.04 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 28.07.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aboar aos gardas da Policía Local en prácticas, que figuran na Resolución da Alcaldía de data 29 de decembro de 2003, D. Santiago Barroso Parada, D. Pablo Berges Martínez, D. Marcelo Caldas Blanco, D. Moisés Calvar Rios, D. Rubén Corral Moldes, D. Rolando José Eiriz de Vicente, D. Jesús Fuertes Sánchez, D. Oscar Gallego Lorenzo, D. Miguel Gregorio Selas, D. Antonio José López Santana, D. Pedro Martínez Lino, D. Eduardo Méndez Vázquez, D. Roberto Ojea González, D. José Carlos Pascual González, D. Enrique Perales Rodríguez, D. Marcos Rojo Alonso, D. Igor Souto López, D. Enrique Toucedo Garrido, D. José Manuel Verde Viéitez, D. Fernando Villa Agulla e D. Juan Diego Vázquez Domíguez, as retribucións complementarias correspondentes ó posto de traballo núm. 134, Garda da Policía Local, con efectos do 12 de xullo de 2004 e mantelas ata o 10 de outubro do presente ano, en tanto os interesados desenvolvan as súas prácticas no posto de traballo de garda.

Segundo.- Aboar aos gardas da Policía Local en prácticas, D. David Alonso Duarte, D. Esteban Bastos Basoa, D. Enrique Campos Fernández, D. José Antonio Castro López, D. Alberto García Gil, D. Oscar González Vázquez, D. Aitor Peña Soliño e D. Pablo Pesado Fernández, as retribucións complementarias correspondentes ao posto de traballo núm. 134, garda da Policía Local, con efectos do 2 de agosto de 2004 e mantelas ata o 1 de novembro do presente ano, en tanto aos interesados desenvolvan as súas prácticas no posto de traballo de garda.

29(1018).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL ADSCRITO Ó POSTO DE CONDUCTOR DA ALCALDÍA E O PERSOAL SUBALTERNO QUE COLABORA CO DEPARTAMENTO DE RELACIÓNS PÚBLICAS NAS CERIMONIAS E RECEPCIÓNS OFICIAIS. EXPTE. 15177/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.07.04 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 23.07.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvementos dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.374,01 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 2.647,70 €.
- D. Jesús Castro Naveiras, núm. persoal 17638, ordenanza do Museo Municipal “Quiñones de León”, 547,38 €.
- D^a. M^a. Loreto Romero Gil-Delgado, núm. persoal 78929, ordenanza do Museo Municipal “Quiñones de León”, 544,28 €.

Dese traslado da presente resolución ós/a interesados/a, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

30(1019).- FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA TARXETA TURÍSTICA “VIGO CARD”. EXPTE. 1464/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 19.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e a interventora xeral, que di o seguinte:

A Concellería de Turismo está a poñer en marcha o proxecto da Tarxeta Turística Vigocard, unha tarxeta a través da cal o turista que visite a nosa cidade poderá beneficiarse de importantes descontos en máis de oitenta establecementos da cidade.

O posuidor da tarxeta turística beneficiarase de descontos en museos, empresas de turismo activo (quads, sendeirismo, avioneta turística), transportes (bus turístico, RENFE, aluguer de vehículos, etc.), turismo náutico (piraugas, catamaráns, charters, vela, etc.).

Ademais, o turista que merque esta tarxeta disfrutará de promocións e descontos nas súas compras en diferentes establecementos da cidade, así como restaurantes, bares, cafés e cervexerías.

Todos estes descontos serán realizados polos propios establecementos ó seu cargo, sen percibir contraprestación algunha do Concello de Vigo. A Concellería artellará esta colaboración coas empresas e os establecementos adheridos á tarxeta turística mediante a sinatura de convenios, nos que se especificarán as condicións da colaboración, así como o desconto que realizará cada establecemento.

Para a posta en funcionamento do proxecto, a Concellería editará tres modelos de tarxeta:

Vigocard 24 horas-Válida para un adulto durante un día. Prezo 6€

Vigocard 48 horas-Dous adultos e un menor de 14 anos durante dous días. Prezo 12€

Vigocard 48 horas familiar-Válida para dous adultos e dous menores de 14 anos durante dous días. Prezo 15 €

Os soportes deste programa serán, como se dixo, as tarxetas plásticas nestas tres modalidades, así como un folleto explicativo do funcionamento da tarxeta. Ademais, a Concellería editará unha completa guía de servizos, onde se incluírán todos os establecementos adheridos ó programa, con descrición do servizo que ofrecen e os descontos que serán de aplicación mediante a utilización da tarxeta.

Ademais, será necesario realizar unha campaña informativa con cartelería en establecementos e no circuíto de mobiliario urbano, para dar a coñecer o proxecto, así como a adquisición de expositores para as tarxetas e pegatinas identificadoras dos establecementos adheridos.

A tarxeta turística estará á venda nas oficinas municipais de información turística, no bus turísticos e nos hoteis de catro e tres estrelas da cidade. Realizarase liquidación trimestral das vendas realizadas en cada un dos puntos de venda e o correspondente ingreso do prezo público nas arcas municipais.

A totalidade do proxecto, coa edición dos soportes antes mencionados – 1.000 tarxetas plásticas de cada modalidade, 3.000 folletos-solapa, 1.200 guías, expositores, cartelería, pegatinas, etc.) ascende á cantidade de 19.318,33€, ademais dos custos de incorporación da promoción da tarxeta á páxina web de Turismo de Vigo, co deseño dunha páxina propia de publicidade do servizo, que se estima en XXXX

As Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de artigos destinados á divulgación de actividades do Concello establece no seu artigo 3.1 “que as tarifas determinaranse en cada caso pola Xunta de Goberno Local, sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel”.

O artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, establece que “o importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.”

A Concellería comercializará tres tipos de tarxeta, editándose 1.000 unidades de cada modalidade, do seguinte xeito e con seguintes prezos, que permitirían cubrir os custos aproximados do proxecto total e, en ningún caso é inferior ó

MODALIDE	UNIDADES	PREZO PUBLICO
VigoCard 24 horas	1.000 unidades	6€ (1 persoa)
VigoCard 48 horas	1.000 unidades	12€ (3 persoas)
VigoCard 48 horas familiar-	1.000 unidades	15€ (4 persoas)

A Concellería, mediante unha campaña de promoción constante pretende a consolidación do produto turístico que se está a lanzar, prevéndose un incremento gradual dos establecementos adheridos, polo que será

necesaria a reedición constante do material promocional (folletos, guía de servicios, carteis para os establecementos adheridos, pegatinas identificativas, etc.)

Por este motivo, se pretende que os ingresos en concepto de prezo público que se vaian recaudando sirvan para autofinanciar o proxecto no futuro.

Por todo o antedito, previo informe preceptivo de fiscalización da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Fixar como prezo público para a tarxeta turística “VigoCard”, nas súas tres modalidades, as seguintes tarifas:

VigoCard 24 horas	1.000 unidades	6€	(1 persoa)
VigoCard 48 horas	1.000 unidades	12€	(3 persoas)
VigoCard 48 horas familiar-	1.000 unidades	15€	(4 persoas).

2º.- A Concellería de Turismo realizará unha liquidación trimestral e xustificará diante da Intervención Xeral os ingresos efectivos realizados e as existencias do produto. As cantidades que se recauden revertirán nas partidas do presuposto da Concellería de Turismo, co obxecto de que este proxecto poida autofinanciarse.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1020).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4487/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 16.07.04, que di o seguinte:

1) Con rexistro de entrada de data de 19 de novembro de 2003 e número de documento 30101301, don JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ BELLO, en representación da Xunta de Compensación do P.E.R.I. II-05 ROCÍO, achegou dous orixinais do PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO P.E.R.I. II-05 ROCÍO, para a súa aprobación. Requirido en data de 17 de decembro de 2.003 para completar a documentación polo enxeñeiro técnico de obras públicas e polo enxeñeiro industrial municipal de electromecánicos, con rexistro de entrada de data de 26 de febreiro de 2004 e número de documento 40019664, don JULIO ROBERES DE COMINGES, achega para unir ó expediente o Proxecto de Urbanización redactado polo arquitecto don ALBERTO COMINGES MOLÍNS e o enxeñeiro don JULIO ROBERES DE COMINGES con visado da Demarcación de Galicia do Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos número 021734 de 26 de febreiro de 2.004.

2) Con data de 22 de marzo de 2.004 o enxeñeiro industrial municipal de electromecánicos informa:

A) Sobre a Instalación: Iluminación pública.

"Analizada a documentación correspondente ó proxecto de Iluminación Pública do expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica, que non existe inconveniente en acceder á instalación solicitada. Terase en conta o seguinte:

- Deberán comunicar a este Servicio, o inicio das obras.
- O emprazamento exacto dos puntos de luz definirase conxuntamente cos Técnicos Municipais no Replanteo previo á execución da instalación.
- Os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberán ser substituídos por outros provisionais salvo cos Técnicos Municipais non o consideren necesario.
- Antes de proceder á posta en servicio de dita instalación, xirarase inspección á mesma, ó obxecto de comprobar cas obras realizadas, se axustan ó proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-BT-09, coa Resolución da Dirección Xeral de Industria de 5 de setembro de 1997 e coa Ordenanza Municipal de Alumado Público do Concello de Vigo actualizada".

B) Sobre a Instalación: de Gas.

"Analizada a documentación correspondente ó expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica, que non existe inconveniente en acceder ó solicitado, sempre cas instalacións a realizar segundo o proxecto presentado, cumpran coa normativa vixente o respecto e a Ordenanza Municipal Reguladora da distribución de gas nos proxectos de novas urbanizacións. Terase en conta o seguinte:

- As canalizacións deberán cumprir os requisitos establecidos para as obras a realizar na vía pública.
- As canalizacións deberán axustarse ós planos adxuntos de detalle de entubados soterrados en zonas axardinadas, baixo beirarrúas e baixo calzadas.
- A canalización percorrerá preferentemente pola beirarrúa, debendo sinalarse claramente en superficie a traza mediante placas indicativas, as cales deberán indicar a traza da rede e os cambios de dirección. A interdistancia entre placas non deberá superar en ningún caso os 25 m. O manter en perfecto estado dito sistema de sinalización formará parte do programa de mantemento, vixilancia, inspección e control.
- Os edificios deberán dispoñer dun local de contadores de gas. Así mesmo, deberán incorporar as conduccións necesarias dende a acometida a rede xeral, ata o cadro de contadores. Tanto as dimensións do local de contadores, como a sección das conduccións de gas, deberán estar suficientemente xustificadas.
- Deberán comunicar a este Servicio, o inicio das obras de canalización da rede de gas.
- Unha vez finalizadas as obras, deberán entregar Certificado de Dirección das mesmas nestas oficinas, acompañado dos planos suficientes nos cales se recolla o estado final das canalizacións. Posteriormente xirarase visita de inspección; ó obxecto de comprobar cas instalacións se axustan ó proxecto presentado".

3) Con data de 31 de marzo de 2.004 o servicio de montes, parques e xardíns, informa que: "poño no seu coñecemento que estudiado o proxecto de urbanización do P.E.R.I. do Rocío, de data de 26 de febreiro de 2.004, axústase ós criterios deste servicio".

4) Con data de 31 de maio de 2004, o enxeñeiro xefe de vías e obras informa:

"el proyecto prevé una serie de muros de contención de tierras de alturas variables. En el Anejo nº 4 se presentan los cálculos de estabilidad para unha altura máxima de 3,50 m. Entendiéndose las dimensiones propuestas de espesores de muro y cimentación uniforme para las zonas de menor altura. Los cálculos realizados en el mencionado anejo son correctos para muros de estructura monolítica, sin embargo de dudosa aplicación a la

tipología propuesta. Por tal motivo deberán ejecutarse muros de hormigón armado en alturas superiores a 2.50m. desde la base de cimentación. Asimismo la cimentación deberá ser de hormigón en todo caso.

Parte de la superficie de la plaza peatonal se contempla en adoquín, superficie que se considera no adecuada para el tránsito peatonal por experiencias en otras actuaciones realizadas, por lo que deberá proponerse pavimentos con elementos de dimensiones de planta no inferiores a 40 cm.

El proyecto, previamente a su aprobación definitiva, deberá ser informado por los servicios técnicos de al empresa concesionaria de los servicios de Abastecimiento y Saneamiento de Auga "AQUALIA".

5) Con data de 7 de xuño de 2004 o enxeñeiro técnico de obras públicas informa que:

"Con fecha 19 de Noviembre de 2.003, D. José Luis Rodríguez Bello en nombre de la correspondiente junta de Compensación, presenta para su tramitación el Proyecto de Urbanización que desarrolla las previsiones contenidas en el PERI II-05 ROCÍO (Exp-5621/411) aprobado definitivamente el 29/10/01.

Este documento ha sido redactado por el Ingeniero de Caminos Canales y Puertos D. Juio Roberes de Cominges, y el Arquitecto D. Alberto de Cominges Molíns, con visado de fecha 26 de febrero de 2004 una vez introducidos los ajustes solicitados.

A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad de 580.950,92 € por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100% a la aprobación definitiva.

La ordenación contenida en el PERI posibilita como aspecto más reseñable, la creación de espacios públicos que alcanzan una superficie de algo más de 7.500,- m² en el área comprendida entre las calles Rocío, Marín y Tomás Paredes. Esa superficie es prácticamente unitaria, con un tratamiento en su mayor parte blando, zonas verdes y sendas peatonales, si exceptuamos una plaza de planta rectangular que recibe un pavimento ligeramente más rígido. La zona entre las calles Pardaíña y Tomás Paredes, también dispone de una zona verde de algo más de 1.500, m² con tratamiento blando.

El conjunto del ámbito incluye tres viales de poca entidad, para servicio exclusivo de las edificaciones que se plantean o de las zonas verdes; uno de ellos el acceso C sólo para residentes, y los denominados A y B en fondo de saco, por lo que no tiene relevancia en el conjunto de la red viaria municipal.

La urbanización dispone todos los servicios urbanísticos habituales, red de pluviales, saneamiento, abastecimiento y riego, red eléctrica, alumbrado público, gas, comunicaciones, mobiliario urbano, señalización, diversos pavimentos y obras de contención necesarias para resolver las diferencias de nivel. No contienen por tanto unidades de obra singulares.

El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. Se adjuntan los informes favorables de los servicios de Electromecánicos y Montes, parques y Jardines. Durante la ejecución de las obras se tendrá en cuenta el informe del Ingeniero de Vías y Obras de 31 de mayo.

El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Área de servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencia una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático.

La dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y /o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas.

El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio el período de exposición pública se notificará a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones, además de a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del Proyecto, entre los cuales se encuentra el Ayuntamiento de Vigo."

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- A aprobación do proxecto de urbanización de referencia debe tramitarse consonte co disposto no artigo 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUG), e artigos 67 e ss. do R.D. 2159/1978, de 23 de xuño, aprobatorio do Regulamento de planeamento urbanístico (RPU).

De conformidade co informado polo enxeñeiro técnico municipal da oficina de Planeamento, o proxecto axústase ó preceptuado no artigo 110 LOUG, no que se especifica que: "Os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servicios e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras".

II.- Así mesmo, segundo o devandito informe, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de supresión de barreiras arquitectónicas.

III.- A propiedade do ámbito deberá asumir o mantemento dos novos espazos libres e verdes, tal e como preceptúa o Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' do vixente PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Por conseguinte, as fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación, debendo quedar constancia expresa desta carga na descripción das fincas resultantes. A tal fin constituirase unha entidade urbanística de conservación.

IV.- A teor do preceptuado no Apto. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), artigo 20.2 LOUG e no informe técnico antes citado, deberá garantirse a execución das obras de urbanización mediante a constitución da correspondente fianza ou aval polo importe do 100% do orzamento da obra, previamente á solicitude das licencias de edificación se esta se produce con anterioridade á finalización e recepción das obras de urbanización contempladas neste proxecto, como garantía da súa completa e correcta execución. En consecuencia, darase traslado do presente acordo á Oficina de Licencias.

V.- Asemade, de conformidade co artigo 14.2 .d) da Lei 6/1998, de 13 de abril, o presente proxecto de urbanización en ningún caso poderá ser aprobado definitivamente, sen a previa ou simultánea aprobación definitiva do proxecto de compensación.

VI.- É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127 da Lei reguladora das bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo debate no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, se é o caso, a adopción do seguinte ACORDO.

Primeiro.- APROBAR INICIALMENTE o PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO P.E.R.I. II-05 ROCÍO, redactado polo arquitecto don ALBERTO COMINGES MOLÍNS e o enxeñeiro don JULIO ROBERES DE COMINGES con visado da Demarcación de Galicia do Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos número 021734 de 26 de febreiro de 2.004. (Expte. 4487/401).

Segundo.- Na execución do proxecto seguiranse as instrucións contidas en todos e cada un dos informes técnicos transcritos na parte expositiva.

Terceiro.- Previamente á aprobación definitiva deste proxecto de urbanización, deberá ser informado favorablemente pola concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

Cuarto.- *En ningún caso se procederá á aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, sen a previa ou simultánea aprobación definitiva do proxecto de compensación.*

Quinto.- *Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así como mediante a notificación individualizada ós propietarios incluídos no ámbito do Proxecto de Urbanización. Notifíquese, tamén, ás mercantís "AQUALIA", "UNIÓN FENOSA" e as compañías de comunicacións.*

Sexto.- *Trasladar este acordo ás oficinas municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Parques, Montes e Xardíns, e Licencias de Obras.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1021).- PERMUTA DA PARCELA EXPROPIADA NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DE MACEIRAS. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 4467/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 14.07.04, que di o seguinte:

1) *En sesión do 27 de maio de 2002 o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio e relación individualizada de bens e dereitos afectados pola ampliación do camiño de Maceiras (Teis), entre a rúa Dr. Corbal e a prolongación da rúa Pedro Alvarado.*

2) *De acordo co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, en data do 29 de outubro de 2002, procedeuse ó pago dos depósitos previos e ó posterior levantamento de actas de ocupación.*

3) *D^a. Concepción Collazo Martínez, propietaria da parcela que ten asinado o número B-5, solicitou na Xerencia Municipal de Urbanismo, con rexistro de entrada de data do 8 de novembro de 2002, a permuta da total superficie desta parcela por outra municipal, en concepto de xustiprezo.*

4) *De acordo cos artigos 24 e seguintes da Lei de expropiación forzosa e co fin de intentar fixa-lo prezo xusto por mutuo acordo, remitiuse á propietaria da parcela B-5, en data do 20 de xaneiro de 2003, folla de valoración e aceptación correspondente ó predio da súa propiedade. D^a. Concepción Collazo Martínez, presentou no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data do 11 de marzo de 2003, a súa folla de aprecio na que concreta o valor dos bens e dereitos da súa pertenza afectados pola expropiación.*

5) *Ó abeiro do establecido no artigo 31 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, remitiuse, en data do 26 de xaneiro de 2004 ó Xurado Provincial de Expropiacións da Subdelegación do Goberno de Pontevedra, o expediente individualizado de xustiprezo da parcela B-5 para a decisión sobre o xusto prezo que corresponda.*

6) *En data do 4 de maio de 2004 procedeuse ó pagamento, ós propietarios afectados pola execución do proxecto do camiño de Maceiras, excluída a propietaria da parcela B-5, das cantidades que representan o límite en que existe conformidade entre a valoración formulada por esta Administración e a valoración proposta polos propietarios, de*

acordo co establecido no artigo 50.2 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no artigo 51.4 do seu Regulamento, do 26 de abril de 1957.

7) Co fin de continuar coa tramitación da solicitude pola propietaria do predio B-5 da permuta da total superficie desta parcela por outra municipal, en concepto de xustiprezo, requeriuse con data do 4 de maio de 2004 á Oficina do Inventario Municipal, informe sobre a existencia dalgunha parcela municipal nas proximidades da devandita parcela B-5, achegándose fotocopias do plano de situación e do proxecto de expropiación.

8) Con data do 6 de xullo de 2.004, a Oficina do Inventario Municipal informa que: “consultados os arquivos obrantes neste Departamento de Inventario Municipal e Oficina Técnica de Patrimonio, sobre as propiedades municipais de Viais e Bens e Dereitos, aprobado no acordo plenario de data 4 de maio de 1993, se informa o seguinte:/ Según a situación que se me indica en H-C; 19-20, e cotexados os planos na planimetría oficial e fichas técnica do Inventario Municipal. Constan as seguintes propiedades Municipais máis cercanas ó camiño Maceiras-Teis. / Propiedades Nº 28; 584; 585; 583; 86; 582; 581./ Adxúntase plano de situación e copias das características técnicas dos orixinais que obran no inventario municipal”. Na documentación achegada resulta que os bens municipais situados na proximidade da parcela da que se solicita a súa permuta, están destinados a un uso público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

I) O artigo 132 da Constitución en canto establece a inalienabilidade dos bens demaniais.

II) O artigo 50.2 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e o artigo 51.4 do seu Regulamento, do 26 de abril de 1957, establecen que “el expropiado tendrá derecho a que se le entregue, aunque exista litigio o recurso pendiente, la indemnización hasta el límite de conformidad entre aquél y la Administración, quedando en todo caso subordinada dicha entrega provisional al resultado del litigio.”

III) É competente para adoptar o presente acordo a Xunta de Goberno Local conforme ó artigo 127.1.f), conforme co 123; e o artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo debate no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, se é o caso, a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Desestimar a solicitude de permuta presentada por D^a. Concepción Collazo Martínez, con rexistro de entrada de data do 8 de novembro de 2002, por canto non existen bens de natureza patrimonial no entorno da parcela da súa propiedade.

SEGUNDO: Procédase ó pago do xustiprezo das cantidades que representan o límite en que existe conformidade entre a valoración formulada por esta Administración e a valoración proposta pola propietaria do predio B-5 do proxecto de expropiación do camiño de Maceiras, de acordo co establecido no artigo 50.2 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no artigo 51.4 do seu Regulamento, do 26 de abril de 1957.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo á propietaria do predio B-5 do proxecto de expropiación do camiño de Maceiras coa indicación de que contra a desestimación da solicitude de permuta cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1022).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinada a relación de xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno a aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0425464	2.250,00	2.250,00		
“	0418075	38.341,00	35.128,57	3.212,43	
“	0418078	800,00		800,00	
“	0418077	900,00		900,00	
“	0418076	1.000,00		1.000,00	
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0427614	2.000,00	1.336,98	663,02	
CABRERA RIANDE JORGE	0409030	174,00	93,00	91,00	10,00
“	0409029	150,00	150,00		
DIAZ DEL RIO-FERY ARSENIO	0429203	18,33	18,33		
EGEA TORRON PILAR	0432545	433,62	416,62	17,00	
“	0432551	18,33	18,33		
ESPADA RECAREY LUIS	0416387	500,00	485,70	14,30	
“	0415018	12.000,00	10.096,80	1.903,20	
FIGUEROA VILA JOSE MANUEL	0427287	289,06	169,06	120,00	
“	0427286	343,12	293,57	49,55	
“	0432798	453,62	416,62	37,00	
“	0432799	60,00		60,00	
GONZALEZ SOENGAS ARANZAZU	0421792	256,89	282,31		25,42
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	0429044	781,32	781,32		
GUARNER GONZALEZ BERTA	0426763	199,54	199,54		
“	0426752	234,00	230,80	3,20	
“	0432372	42,00	42,00		
LOPEZ MOURE JESUS	0421793	3.300,00	3.300,00		
“	0429182	29.333,31	29.333,31		
“	0429197	17.800,00	17.800,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0430241	370,00	340,42	29,58	
“	0430242	18,33	18,33		
MEIRIÑO FERNANDEZ	0430013	106,67	106,67		
MERINO VAELO DANIEL	0427544	93,00	68,00	25,00	
“	0427545	36,66	36,66		
MOURELLE GONZALEZ FRANCISCO	0418071	500,00	495,76	4,24	
OJEA PEREZ RAFAEL	0426120	400,00	400,00		
“	0426825	55,00	39,36	15,64	
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0427524	65.545,51	65.545,51		
“	0418054	2.600,00	886,24	1.713,76	
“	0432428	195,12	243,77		32,45
“	0432393	268,35	252,15		

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
PORRO MARTINEZ CORINA	0432542	533,62	451,62	82,00	
“	0432537	100,00	67,74	32,26	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0430277	8.011,00	6.960,00	1.051,00	
“	0406903	2.500,00	46,00	2.454,00	
“	0415144	30.050,61	15.000,00	15.050,61	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0406830	3.005,06	2.429,50	575,56	
“	0424986	41.318,18	41.298,00	20,18	
VIEITES ALEN MARIA DOLORES	0420985	490,26	514,38		24,12
“	0420984	550,00	550,00		
“	0420986	305,01	305,01		

TOTAL XUSTIFICADO.....238.897,98

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(1023).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “INSTALACIÓN DE NOVA REDE DE ABASTECEMENTO NAS RÚAS COLOMBIA E ARBO E SUBSTITUCIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA FONTE SANTA, CASTRELOS 71 E MERCADO DE BOUZAS. EXPTE. 41893/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.07.04, que di o seguinte:

Con data xullo 2004 Aqualia empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o proxecto de instalación nova rede de abastecemento nas rúas Colombia e Arbo, e substitución de saneamento nas rúas Fonte Santa, Castrelos 71 e mercado de Bouzas.

O obxecto do proxecto e a instalación da nova rede de abastecemento nas rúas Colombia e Arbo, e a substitución da rede de saneamento nas rúas Fonte Santa, Castrelos 71 e Mercado de Bouzas..

O proxecto foi redactado pola Consultoría TICCO en data xullo 2004.

O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 207.214,00 € IVE incluído. O cadro de prezos unitarios é o aprobado a concesionaria para proxectos de inversións P.I.C.

O proxecto incorpora o correspondente estudio de Seguridade e Saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro.

Para a redacción deste proxecto se tivo en conta a normativa técnica que e de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de Xuño, no seu Regulamento Xeral.

No punto 14 da memoria maniféstase expresamente que o proxecto esta referido a unha obra completa, susceptible de ser entregada ouso público e posta en servizo a conclusión das obras, de acordo co establecido nos artigos 125 e 127.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Polo exposto infórmase favorablemente o proxecto e sométese á consideración da Xunta Local de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de instalación da nova rede de abastecemento nas rúas Colombia e Arbo e substitución da rede de saneamento nas rúas Fonte Santa, Castrelos 71 e Mercado de Bouzas, cun presuposto base de licitación de 207.214 €.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1024).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “SANEAMENTO NO PAZO DE QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 41892/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.07.04, que di o seguinte:

Con data xullo 2004 Aqualia empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o proxecto de saneamento do Pazo Quiñones de León.

O obxecto do proxecto e restructurar a rede de saneamento do Pazo de Quiñones de León, e conducir as augas fecais ao colector de marxe da rede local..

O proxecto foi redactado pola Consultoría TICCO en data xullo 2004.

O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 152.048,26 € IVE incluído. O cadro de prezos unitarios é o aprobado a concesionaria para proxectos de inversións P.I.C.

O proxecto incorpora o correspondente estudio de Seguridade e Saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro.

Para a redacción deste proxecto se tivo en conta a normativa técnica que e de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de Xuño, no seu Regulamento Xeral.

No punto 14 da memoria maniféstase expresamente que o proxecto esta referido a unha obra completa, susceptible de ser entregada ouso público e posta en servicio a conclusión das obras, de acordo co establecido nos artigos 125 e 127.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Polo exposto infórmase favorablemente o proxecto e sométese á consideración da Xunta Local de Goberno a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de saneamento no Pazo de Quiñones de León, cun presuposto base de licitación de 152.048,26 €.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1025).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 10959/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe xurídico do 23.07.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 22.04.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Prestar aprobación ao proxecto do convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para poñer en marcha un programa de atención a inmigrantes e emigrantes retornados na cidade de Vigo.

2º.- Procédase á tramitación dos correspondentes expedientes de modificación orzamentaria por xeración, contratación de persoal e demais obrigas contraídas polo Concello.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO
PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ATENCIÓN A
INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS NA CIDADE DE VIGO.*

En Santiago de Compostela, a de de 2004

REUNIDOS

Dunha banda, o Excmo. Sr. Conselleiro D. Aurelio D. Miras Portugal, Conselleiro de Emigración, en representación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 21/2003 do 18 de xaneiro, e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 196/2003, do 20 de marzo, e das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, a Ilma. Sra. D^a. Corina Porro Martínez, que actúa en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo é unha das cidades galegas onde hai maior número de inmigrantes estranxeiros e emigrantes retornados empadroados. Este crecemento progresivo da poboación inmigrante, que se vén acusando nos últimos cinco anos de forma moi significativa, e a necesidade de darlle unha atención específica dada a problemática particular que presenta, determina que os recursos ordinarios do concello destinados á súa atención resulten insuficientes .

II.- Que o Decreto 196/2003, do 20 de marzo, atribúelle á Consellería de Emigración, entre outras, a competencia na execución da política autonómica en materia de inmigración nacional e estranxeira en Galicia, así como na determinación das bases e criterios da política de integración social e laboral dos inmigrantes promovendo a participación de tódolos axentes sociais nas actuacións que se van realizar.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas funcións estes mesmos fins e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política inmigratoria na Comunidade Autónoma.

III.- Que as partes intervinientes consideran necesario xuntar esforzos e recursos a fin de mellora-la rede de atención ós inmigrantes na cidade de Vigo e a súa área de influencia para acadar unha maior eficacia .

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establece-lo presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dun Programa integral de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes e emigrantes retornados no Concello de Vigo, por parte das entidades asinantes, coa finalidade de facilita-la integración social e laboral deste colectivo.

SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

Dentro do programa de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral que se porá en funcionamento no Concello de Vigo e que está dirixido a inmigrantes e emigrantes retornados, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- Informar a este colectivo sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado. Neste sentido, asesorará na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que este colectivo precise, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.*
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.*
- Facilitar a este colectivo toda a información que lle sexa requirida sobre tódolos programas, actividades e accións que se están levando a cabo dentro da Rede Galega de Atención e Orientación ó Inmigrante.*
- Promove-la incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria.*

Esta programa de información, orientación e asesoramento xurídico que, en canto a medios persoais estará formada por un licenciado en dereito, un diplomado en traballo social e un auxiliar administrativo, contará coas instalacións e apoios adecuados para o seu funcionamento.

TERCEIRA.- Orzamento.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Consellería de Emigración achegará dos orzamentos para o ano 2004 a cantidade de vinte e oito mil euros (28.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 17.03.213A.460.0., e para o ano 2005 a cantidade de setenta e sete mil cincocentos euros (77.500 €) con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

As achegas feitas pola Consellería de Emigración, serán destinadas á contratación do persoal sinalado na cláusula anterior e a outros gastos correntes derivados da posta en marcha deste programa. O Concello de Vigo, achegará a cantidade restante necesaria para levar a cabo as actuacións sinaladas anteriormente,

responsabilizándose e asumindo os custos derivados da coordinación total do programa, así como da infraestrutura axeitada para o seu desenvolvemento.

Así mesmo o Concello de Vigo, dende o 1 de xaneiro de 2005, porá a disposición da Consellería de Emigración para a súa inclusión na Rede Galega de Atención e Orientación do Inmigrante un piso de acollida.

CUARTA.- Forma de pagamento.

A Consellería de Emigración realizará os pagamentos correspondentes contra certificación expedida polo órgano que teña atribuída a facultade de control no Concello de Vigo, previa conformidade do director xeral de Apoio á Inmigración.

De conformidade co artigo 16º.2.Un do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente, segundo as limitacións e requisitos establecidos no citado Decreto.

Procederase ó reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de demora rendados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 78.9º do Decreto legislativo 1/999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

QUINTA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

SEXTA.- Comisión de Seguimento.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación da Consellería de Emigración polo director xeral de Apoio á Inmigración, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno e en nome do Concello de Vigo o seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Participar na selección das persoas a contratar para o desenvolvemento do programa.*
- 2.- Face-lo seguimento e control do cumprimento do convenio.*
- 3.- Interpretar e resolve-las dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.*

SÉTIMA.-Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*

OITAVA.-Publicidade, seguimento e colaboración.

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Facer constar de forma expresa, en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración da Consellería de Emigración.*
- b) Remitir trimestralmente á Dirección Xeral de Apoio á Inmigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio, así como calquera outro documento que se estime necesario para a xustificación dos gastos.*
- c) Facilita-la actuación dos técnicos da Dirección Xeral de Apoio á Inmigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.*
- d) Ter informada á Dirección Xeral de Apoio á Inmigración das datas de inicio e do desenvolvemento das actividades subvencionadas.*
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

- f) *Remitir trimestralmente as variacións sobre as altas e baixas de inmigrantes e emigrantes retornados que se produzan no Padrón Municipal de habitantes do Concello, que serán exclusivamente estatísticas e se enviarán segundo o modelo que se achega como anexo I ó presente convenio.*

NOVENA.- Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio e a Consellería de Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada Consellería responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DÉCIMA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 3 da Lei de contratos das administracións públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ó Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpo-los oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.

O presente convenio terá os seus efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes asinantes.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

37(1026).- DAR CONTA DA SITUACIÓN DO PARKING DA RÚA VENEZUELA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

O Sr. Concelleiro delegado de Servizos informa á Xunta de Goberno Local que a mercantil CONYCASE S.L., concesionaria do aparcamento público sito na rúa Venezuela procedeu dende o día 1 de agosto de 2004, sen autorización municipal, ao peche das instalación amparándose na necesidade de realizar nelas diversos traballos de mantemento.

A Xunta de Goberno considerando que a conducta observada pola concesionaria supón un incumprimento manifesto das condicións baixo as cales debe pecharse o servizo público, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Dirixirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación a fin de que, de conformidade co establecido no Prego que rexe a concesión, se inicie expediente sancionador polos feitos descritos.

38(1027).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez